

**ACTA Nº 15/2015  
DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO MUNICIPAL  
- DIA 20 DE OUTUBRO DE 2015 -**

**Marxe que se cita:**

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:03 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnense os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUÍÑOS SÁNCHEZ.- BNG

**Concelleiros/as:**

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ OTERO.- BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP  
JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP  
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP  
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP  
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE  
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

**Concelleiros ausentes:**

BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE

**Secretaria accidental:**

Vicenta Avelina Campaña Martínez

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DIA**

**Único.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014**

**1.- APROBACIÓN, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.-**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<Visto o expediente da conta xeral do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio económico de 2014, no que consta a documentación prevista nas regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade, aprobada pola Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro

Someteuse a ditame da Comisión Informativa Especial de Contas do día 07/09/2015, sendo este favorable.

O expediente estivo exposto ao público vía BOP núm. 178 do 17/09/2015 e no taboleiro de anuncios municipal, durante 15 días hábiles e 8 máis, rematando o prazo para formular reclamacións, reparos ou observacións o día 16/10/2015 ás 14.00h, sen que se formulase ningunha segundo consta no certificado de Secretaría.

Considerando que o artigo 212.4 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 atribúe ao Pleno a competencia para a súa aprobación

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio de 2014 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

**SEGUNDO:** Unha vez aprobada, remitirla ao Consello de Contas para a súa fiscalización conforme estipula o artigo 212 e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.>>

*Sendo as 20:10 h. incorporase a concelleira Hadriana Ordoñez Otero.*

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego, que comeza dicindo que xa foi mirada na Comisión informativa especial de Contas do día 07 de setembro de 2015. O documento da Conta Xeral e o informe de liquidación reflexa tensión do propio goberno municipal por atender ás demandas plantexadas nunha situación económica complicada, pola conxuntura xeral e pola situación particular dun endebedamento importante na que se encontraba o concello que afecta a todas estas necesidades e derivado tamén dun contexto normativo moi restrictiva que axusta moito á expansión do gasto y poder atender as demandas e as necesidades, aínda así, os indicadores da avaliación que os servizos de intervención ós indicadores aos cales someten a conta hai indicadores moi positivos e esperamos melloría para o ano seguinte.

Dí que a conta estivo a disposición de todos os grupos.

A execución global orzamentaria indica que houbo unha execución máis do gasto que ingreso o cal leva a un desequilibrio que se correxiran en anos posteriores, sendo dito desequilibrio polos motivos anteriores expostos dunha situación económica complicada.

O informe de intervención analiza a estrutura do orzamento e sobre todo no apartado de gastos explica este peso tan grande que a débeda financeira ten no orzamento en relación cas entidades bancarias e no apartado de gastos explica o peso da débeda financeira é indica un importante nivel do 22% fronte ao 7,1% dos concellos galegos , sendo a débeda bancaria do concello de Rianxo e mais abultada en relación con outros concellos.

O resultado orzamentario é negativo pero mellor co ano anterior, sendo o remanente negativo e vai esixir medidas de corrección por parte da corporación. Pero hai outros indicadores positivos o que supón un esforzo da racionalidade na xestión económica. Entón o aforro positivo. No ano 2013 era netativo. É positivo polo incremento de ingresos e redución de gastos, polo que a estabilidade orzamentaria cúmprese.

A carga financeira é grande e o nivel de endebedamento é moderado, do 31% cando o límite máximo ó 75%.

Outro indicador é o período medio de pago superior os 60 días, estando neste momento nos 60 días. O informe de intervención apuntan un diagnóstico e unhas medidas para corrixir os aspectos mellorables no orzamento. E un orzamento con déficit é dicir os ingresos son menores que os gastos. Dí que tamén no informe indica que se ben a carga financeira e grande a débeda é moderada.

O grupo de goberno comprométese a mirar e adoptar as seguintes medidas:

- Estimación prudente de ingresos.
- Redución da carga financeira (cumprir pola propia vida dos prestamos).
- Corrección do Remanente negativo de tesourería posto que dificulta a propia xestión económica o que supón limitacións cara a endebedamento novo, ou operacións de crédito.

O grupo do BNG, quere indicar que hai indicadores que hai que mellorar e que hai outros que son positivos e que todo é consecuencia dun traballo do goberno local responsable e comprometido, e que este compromiso coas demandadas implica atender gastos ineludibles que leva a indicadores negativos.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que a Conta Xeral corresponde a un período no que non estaban, nin pensaban estar nestas complexidades e que se encontran un pouco eximidos de entrar na análise de datos técnicos, e que pretenden sacar ideas relacionadas co orzamento pero moi por enriba:

- A Conta Xeral fora de prazo, non queremos facer disto un elemento susceptible pero a administración pública ten a obriga de ser exemplar, e hai que axustarse aos prazos.
- Hai diferenzas significativas entre os ingresos e o ingresado, o que depende de nos o presuposto é mais alto que o ano pasado, estas diferenzas serán por falta de rigor na elaboración do presuposto ou falta de disciplina á hora de ingresar, isto leva a consecuencias indesexables, comprometendo uns gastos que non podemos financiar, aos bancos páganselles e pagan o pato os provedores por pasar o pago de 60 días, hai que axustar isto porque a administración pública debe ser exemplar no cumprimento dos prazos para non contribuír a falta de liquidez dos pequenos provedores, xa que éste é un problema importante para eles.
- A inversión reais 5% do orzamento é moi cativa un 1 de cada 20 euros ingresados vai a inversións reais. Aínda que puidésemos considerar que noutro capítulo 2 é inversión aínda cativa, podemos incrementar esa partida 1 de cada 20 euros vai a débeda e 1 de cada 5 euros vai a inversións, isto é decisión do goberno podendo elixir unha amortización máis lenta.
- Noutro contexto fixemos chegar que estamos obrigados a pagar esa débeda, pero creemos que os veciños deberían saber que estamos pagando, a que fin foron eses créditos entre os anos 2002 e 2007. Gustaríanos sabendo que a débeda é legal, o seu fin, tendo en conta os conceptos de débeda lexítima, ilexítima.

De cara ao futuro gustaríanos que fôsemos quen de (isto é de moita complexidade), presentar aos veciños de modo que o puidesen entender, nas distintas fases do orzamento deberían poderlos entender.

Gustaríanos que os orzamentos fosen participativos e que os veciños poidan ter opinión, o papel dun veciño acaba no momento en que fai o ingreso no banco, e deposita uns cartos que non sabemos a onde van e que non poden entender.

Estase transmitindo unha idea de que non se está facendo nada porque non hai cartos pero pronto vai a haber, e non é bo transmitir iso aos veciños porque a situación estrutural do estado unha situación de debeda.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, apoia a proposta, votando a favor.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, comeza dicindo que ve que teñen arranxado co Partido Socialista a aprobación da Conta Xeral, sendo comprensible porque eles son grandes en grande medida responsables da nefasta situación financeira que leva soportando este concello, e que toda a débeda que leva soportando fai

que o Concello teña que destinar case todos os fondos ao pago da débeda o que conleva unha limitada capacidade de manobra para facer investimentos e mesmo incluso para atender débedas con provedores e todo elo pola nefasta xestión que fixo o grupo socialista que fai que o Concello de Rianxo tivo que pedir créditos para pagar equipamentos públicos que noutros concellos pois foron financiados con fondos doutras administracións. Evidente mente é unha mala xestión e é normal que os apoien nestas contas como seguramente os van a apoiar noutras cousas. A contas veñen tarde, mal e arrastro. Veñen tarde porque non se seguiron os prazos, e neste senso non é unha responsabilidade do equipo técnico co concello, nin dos servizos económicos nin de intervención, xa que lles consta que redactaron todos os documentos con tempo suficiente para que se cumpriran os prazos.

A Conta Xeral tiñan que estar formada antes do 1 de xuño, antes do 1 de outubro aprobada polo Pleno e rendida antes do 15 de outubro, e deste xeito xa podería esperar ao pleno ordinario. Seguramente están pendentes de recibir algunha subvención por iso decidiron convocar este pleno para aprobala, xa que é necesario para poder recibir as subvencións, doutro xeito non é explicable o procedemento de tardar tanto en expoñela e aprobala.

Por outra banda mal porque o resultado económico non é cuestionable e a realidade económica das contas non teñen dúbida sobre a función dos funcionarios de intervención, pero sí da súa xestión económica da que xa leva alertando bastante tempo.

Unha parte importante foi pagada con cargo ao remanente do exercicio anterior e non sei que vai facer neste exercicio, no que esta facendo uns recoñecementos extraxudiciais importantes e as partidas de crédito están esgotadas. Non queda remanente de tesourería por que xa o esgotou. O remanente de tesourería é negativo.

Este déficit é consecuencia da pouca prudencia na elaboración dos orzamentos e desoidos os informes que ten feito a propia intervención no momento de elaborarse, no que vostede inventa os ingresos, en vez de partir dos orzamento liquidado e do que realmente recadou o ano pasado, pon unhas estimacións. Sen embargo os gastos fanse e pasa o que nos xa levamos advertindo hai bastante tempo. Agora hai unha situación de déficit e esta situación está provocando ademáis un remanente de tesourería negativo que está afectando aos provedores, xa que a débeda financeira hai que pagala. O prazo de pagamento do concello aumenta cada día e aínda que a día de hoxe o prazo sexa máis positivo, está moi lonxe das previsións que o grupo de goberno fixo, o que manifesta a capacidade limitada que ten este concello para facer fronte aos gastos correntes e a carga financeira.

O tempo da a razón ao Partido Popular, que ven denunciando xa fai anos a falta de rigor no mal uso das contas públicas, as previsión que se realizan non se cumpren e os provedores teñen que agardar máis tempo para poder cobrar, por iso na medida que xa ten asegurado a aprobación da Conta Xeral polo apoio do Partido Socialista e na medida que esto ven tarde, e dalgún xeito o votar a favor destas contas pode ser entendido como un apoio a súa xestión e neste sentido non as vamos apoiar.

O Partido Popular vota en contra.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, amosa o seu apoio a proposta, a pesar do orzamento que non se axustou á realidade por moitas circunstancias, non por todas a circunstancias personal de Rianxo, senón por todas as circunstancias xeral que está vivendo este mundo global, o grupo de goberno foi quen de facer todas as cousas que os veciños demandaron e demandan e a pesar diso os provedores confían no grupo de goberno e seguen insistindo en que sexan ele os que os apoien e os que lle den traballo, xa que noutro sitio non o consiguen.

Intentaremos axustar a Lei e intentaremos pagar en prazo. Os provedores saben que van a cobrar, pero confían en nos para traballar e cobrar mais tarde.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, intervén para dicir que hai que dicirlle aos veciños que a piscina, auditorio, gardería, non dan as subvencións ao 100% e que se hai que endebedar.

Agora haberá que preguntarles hoxe aos veciños se entenderían Rianxo sen piscina, auditorio, que as contas son as mais axeitadas posibles. Intentarase mellorar.

Toma a palabra o alcalde, que engadindo que entendo que o PSOE apoie a Conta Xeral porque hai que preséntela ante o Consello de Contas que é o que marca a Lei e non está facendo avaliación ningunha nin se lle pedíu e visto o que foi no seu momento a comisión informativa, tamén se veu así a intención de voto.

Na Comisión informativa houbo abstencións salvo o BNG e hoxe houbo recolocación de votos.

Este ano houbo eleccións, a culpa sempre é nosa non dos técnicos, o concello de Rianxo sempre presentou ben as contas e nunca dou instrucións aos técnicos para que non se cumpriran os prazos. A Conta Xeral normalmente sempre se presentou en prazo e cando non se fixo así, foi por que había outras circunstancias. Presentamos a Conta Xeral o 01 de xuño cando estabamos en eleccións e falando doutras cousas hai moitas circunstancias que explican que a Conta xeral veña hoxe. Hai outros concellos e incluso a Mancomunidade donde hai dos alcalde do P.P. que tamén aínda acaban de aprobalas por ahi andan todos. Que se intentará corrixir. Que os trámites tamén son lentos.

Xa houbo debates sobre que o goberno do período que nos tocou tomar o camiño de devolver o antes posible un crédito do 2009 que era unha cantidade grande para o concello que é Rianxo. O Goberno no período de 2011 ao 2015, escolleu o camiño de devolver os 4.000.000 euros que tocaba nese período, para un orzamento duns 6.000.000 €, o que supón unha carga financeira moi alta. Hai que ter en conta que a interventora cita nun paragrafo no que di que a menor carga financeira supera con creces a remanente negativo. O que significa que o que se pagou neste período foi positivo para aliviar a carga financeira.

No caso do IBI, IVTM hai unha recadación moi alta, case do 100%. 94% no capítulo 1, 91% no capítulo 3, 100% no capítulo 4, falla cando estimamos unhas subvencións que veñen doutros organismos e que non se acaban de concretar ou investimentos que pensaban que estaban concedidos e incluso se retiran dos orzamentos doutras administración públicas, que non dependen exclusivamente de nos.

No ICIO fallaron uns investimentos do polígono industrial porque non se acabaron de concretar.

Os ingresos que dependen do concello están executados a partir do 90% que está practicamente axustada.

O grupo de goberno non enganou. Había dúas vías para seguir ou aumentar os ingresos ou reducir os gastos.

Se seguimos pola vía de reducir os gastos, non poderíamos arranxar nin a gardería, nin a piscina, nin pistas e incluso chegar a despedir persoal ou amortizar prazos. Eso non é o que pretende o grupo de goberno. Teñen que buscar un equilibrio. Pretendemos cancelar os prestamos o antes posible e recuperar o antes posible e recuperar autonomía financeira,

non para grandes aventuras, pero algo se notará, por exemplo os orzamento participativos. Non se pode ofrecer ou prometer cousas para depois non poder facelas.

A comparanza non ten color, a media en comparación de carga financeira é espectacular. E é por querer recuperar a autonomía financeira, para poder ser os donos do noso orzamento, mellorar servizos, que haxa remanente para gastalo debidamente, tamén vimos que o persoal está por debaixo da media. No Plan de de axuste hai medidas de amortización: redución de prazas do cadro de persoal municipal, e rexeitámolo. Ese é o noso camiño recuperar carga financeira, mellorar a xestión de ingresos e outras medidas, o obxecto non é cadrar as contas, será o de outras administracións que pechan o orzamento en outubro e non queren que se presente mais facturas e facer unha ficción.

Os provedores tamén queren traballar, o concello de Rianxo tarda en pagar pero sempre demandan que se faga gasto e que haxa actividade, para que haxa ingresos para sobrevivir.

O grupo de goberno busca o equilibrio en todo momento, cando presentemos a Conta Xeral do 2015, que esperamos presentar en xuño, veremos os datos, e verán que a carga financeira diminúe e que mellora o gasto corrente do día a día, somos dos concellos da contorna con menos nivel de endebedamento.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, quere engadir só dúas cousas:

A miña falta de pericia fixo que non indicara o noso sentido do voto, pero fixo unha boa lectura. Imos absternos.

A nosa crítica é o grupo de goberno non os técnicos.

O alcalde resposta dicindo que parécelle ben, pero o goberno non reprocha aos técnicos e que os atrasos non foi do grupo de goberno, houbo unhas circunstancias que o motivaron. Hai moita parte do traballo municipal que se presenta antes a outras instancias que ao goberno.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE) 2 abstencións (2 dos membros do grupo SON), 5 votos en contra (5 dos membros do PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:48 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria accidental  
(DXAL)**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Vicenta A. Campaña Martinez**